

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XANEIRO DE 2015**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	6
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.	10
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.	11
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2015.	15
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual Xaneiro 2015	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
5.3.	Días de chuvia en xaneiro de 2015.	18
5.4.	Evolución da precipitación en xaneiro de 2015.	20
6	VENTO	21
7	RADIACIÓN SOLAR	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual.	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS.	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 11-02-2015

Mes en conxunto normal en canto a chuvia e temperatura, pero cunha alta variabilidade.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xaneiro pódese considerar normal se atendemos aos valores medios de temperatura ou aos acumulados de chuvia. Sen embargo, destaca pola gran variabilidade de situacións sinópticas acontecidas que poderíamos dividir en dous períodos. O primeiro deles abranguería dende o día 1 ata o 12, caracterizado polas altas presións e a ausencia de precipitacións, e o outro período posterior, dende o 13, caracterizado polo achegamento de borrascas.

Así, nesos primeiros 12 días do mes apenas se rexistraban precipitacións. A presenza dun potente anticiclón, que nos primeiros 4 días do mes estivo localizado sobre a península Ibérica, deixaba xornadas de ceos completamente despexados e ventos en calma. Loxicamente nesas datas, con noites longas, as xeadas eran xeneralizadas, pero as máximas acadaban valores agradables debido a que a masa de aire non era fría.

Para calibrar a intensidade deste anticiclón podemos dicir que nestas xornadas tivemos rexistros record de presións en superficie dentro da rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia, con valores moi preto dos 1040 hPa.

Entre o 5 e o 11 a situación non foi tan nitidamente estable, xa que as altas presións movéronse cara aos Azores, pero aínda así o tempo en xeral continuou sendo seco e moitas desas xornadas con predominio de sol.

Na xornada do día 11 unha primeira fronte deixaba algunhas precipitacións febles na metade norte de Galicia, pero non foi ata o 13 cando Galicia quedou dun xeito máis decidido na influencia das borrascas. Entre o 13 e o 17 os ventos sopraron de compoñente oeste, cargados de humidade, polo que foi un período caracterizado polos ceos anubrados e precipitacións xeneralizadas, particularmente cuantiosas na xornada do 15, cadrando coa chegada dun “río atmosférico” que aportou moita humidade.

As temperaturas mínimas suavizáronse neste período, desaparecendo as xeadas, pero as máximas descendieron e xa non se acadaron os agradables valores de xornadas anteriores. Entre o 18 e o 22 as condicións continuaron a ser inestables, mais os ventos rolaron a compoñente norte, polo que recibimos a visita dunha masa de aire polar marítimo que



deixou precipitacións en forma de neve por debaixo dos 1000 metros de altitude e tamén un descenso das temperaturas.

Na xornada do 23 tivemos unha recuperación transitoria de condicións anticiclónicas, que entre o 24 e o 28 deixaron 5 xornadas de tempo tranquilo, con intervalos de nubes, sen apenas chuvias e temperaturas propias da época do ano.

Porén, as 3 últimas xornadas do mes estiveron de novo caracterizadas pola presenza de profundas borrascas no Atlántico que deixaron 3 xornadas de chuva e temperatura suave. Na xornada do 30 outro “río atmosférico” volveu aportar moita humidade dun xeito continuo, polo que resultou ser a xornada máis chuviosa do mes en moitos puntos de Galicia, concentrándose estas precipitacións nas zonas de media montaña que separan as provincias da Coruña e Lugo e no leste da provincia de Ourense. As cantidades recollidas nesas áreas o día 30 estiveron entre os 70 e os 100 mm.

Durante o día 31 os ventos foron rolando a noroeste e achegando a segunda masa de aire polar continental que nas últimas horas do día novamente deixaba neve por debaixo dos 1000 metros de altitude.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As anomalías de presión tanto en superficie (figura 1) como en altura (figura 2) amosan un dipolo no Atlántico moi reforzado, polo tanto unha oscilación do Atlántico norte moi positiva. Isto explica que os períodos anticiclónicos do mes fosen intensos, pero tamén nos intreos que as borrascas afectaron a Galicia o fixeron con intensidade, principalmente a principios e finais do mes.



Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Xaneiro 2015




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Xaneiro 2015




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	XANEIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	10.6	10.4	12.3 (1966)	8.5 (1976)
T ^a mínima media	8.2	7.6	10.2 (1966)	4.9 (1953)
T ^a mínima absoluta	4.1 (día 1)	-0.8 (01/01/1971)		
T ^a mínima máis alta	11.0 (día 30)	15.6 (10/01/1998)		
T ^a máxima media	12.8	13.1	14.9 (2008)	11.3 (1985)
T ^a máxima absoluta	16.0 (día 2)	21.2 (26/01/1983)		
T ^a máxima máis baixa	9.6 (día 17)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	137	114-138	349 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	14	14	27 (2014)	1 (1964)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas medias e máximas, mentres que para a temperatura mínima o mes considérase cálido.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais. Do mesmo modo, o número de días de chuvia acadou o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2015 Temperatura: 1948-2015



SANTIAGO

	XANEIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.1	8.7	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	4.9	4.9	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 1)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	10.1 (día 30)	13.0 (19/01/2007)		
Tª máxima media	11.3	12.4	14.0 (1982)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	14.5 (día 1)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	7.5 (día 17)	3.1 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	173	182-234	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	15	15	28 (2014)	3 (1983)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas medias e máximas, mentres que as mínimas permaneceron en valores normais.

A precipitación rexistrada foi lixeiramente inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. Porén, o número de días de chuvia é o climatolóxico agardado.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

LUGO

	XANEIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.0	6.0	9.1 (1966)	3.6 (1976)
Tª mínima media	1.4	2.3	7.6 (1966)	-1.3 (1976)
Tª mínima absoluta	-3.8 (día 1)	-10.1 (03/01/1971)		
Tª mínima máis alta	9.0 (día 30)	13.0 (09/01/1991)		
Tª máxima media	10.7	9.8	12.7 (1993)	6.5 (1972)
Tª máxima absoluta	16.7 (día 10)	19.0 (06/01/1999)		
Tª máxima máis baixa	6.3 (día 21)	-2.0 (13/01/1987)		
Precipitación acumulada	150	107-135	288 (1970)	21 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	13	14	28 (2001)	3 (2000)

Comentario: Mes frío tendo en conta a temperatura mínima, mentres que foi cálido tendo en conta as máximas. Como resultado disto, o mes resultou normal para a temperatura media.

A chuvia rexistrada foi superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia é lixeiramente inferior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	XANEIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.2	9.1	12.1(1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	4.7	4.6	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	0.1 (día 1)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	12.6 (día 30)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	13.6	13.7	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	17.8 (día 24)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	8.9 (día 17)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	211	196-234	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	14	15	28(2014)	3 (1992)

Comentario: Mes dentro da normalidade, tanto en temperatura coma en precipitación, se ben, o número de días de chuvia é lixeiramente inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2015. Temperatura: 1958-2015

OURENSE

	XANEIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	6.8	7.6	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	1.6	2.9	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-4.1 (día 1)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	11.4 (día 30)	14.0 (10/01/2004)		
Tª máxima media	12	12.2	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	16.9 (día 27)	22.0 (27/1/2003)		
Tª máxima máis baixa	6.7 (día 17)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	85	77-100	209 (1974)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	11	11	23 (2014)	0 (1981)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, do mesmo xeito, que o número de días de chuvia é o climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2015. Temperatura: 1972-2015



4 TEMPERATURA

Os valores medios de temperatura estiveron en toda Galicia moi preto da normalidade. Isto foi así porque os períodos anticiclónicos se foron compensando cos de borrasca e chuvia. Ademais, o período anticiclónico de principios de mes deixaba temperaturas mínimas moi baixas, pero as máximas eran incluso altas para a época do ano, polo que as anomalías se foron cancelando.

4.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2015.



En conxunto o valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro foi de 10.3 °C. Os valores máis baixos (preto dos 2.2 °C) rexistráronse no leste da Comunidade, principalmente nas zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense. Os valores máis altos, déronse esta vez, nas Rías Baixas, se ben algúns puntos das Comarcas de Coruña e a Mariña oriental, acadaron valores similares (14.0 °C).

4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xaneiro foi de 2.6 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na zona de Calvos de Randín e no Macizo de Manzaneda (-2.8 °C). Os valores máis altos acadáronse en áreas costeiras de A Coruña e Pontevedra, onde se acadaron valores próximos aos 9°C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2015.

4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía no conxunto de Galicia no mes de xaneiro de 2015, foi de 0.2 °C, polo que o mes considérase normal. Si cabe destacar sen embargo o contraste entre a maior parte da provincia de Pontevedra, península do Barbanza, nas Serras do Suído, Faro e Avión, parte da Depresión de Ourense e Monforte, nos que se acadaron anomalías negativas de -1.3 °C (resultando fríos), e o resto da Comunidade, onde se acadaron valores por riba de 1°C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xaneiro respecto ao período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. A distribución das anomalías máis altas rexistradas é moi variable este xaneiro.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cedeira	A Coruña	1.3
Vilariño de Conso	Ourense	1.2
Cariño	A Coruña	1.1
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.1
Cervantes	Lugo	1.0
Tui	Pontevedra	1.0
Cerdido	A Coruña	1.0
Veiga (A)	Ourense	1.0
Triacastela	Lugo	0.9
Samos	Lugo	0.9

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xaneiro de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Monforte de Lemos	Lugo	-1.1
Pontevedra	Pontevedra	-1.0
Barro	Pontevedra	-0.8
Pontedeva	Ourense	-0.8
Beade	Ourense	-0.8
Ribadavia	Ourense	-0.8
Mondariz	Pontevedra	-0.8
Portas	Pontevedra	-0.7
Arnoia (A)	Ourense	-0.7
Allariz	Ourense	-0.7

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xaneiro de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Que se deron no interior das provincias de Pontevedra e Ourense.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Na primeira quincena do mes rexistráronse as máximas máis altas. Con excepción dalgúns casos que se acadaron nas últimas xornadas do mes nas zonas máis baixas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/01/2015	Entrimo	Entrimo	Ourense	19.8
09/01/2015	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	19.6
09/01/2015	Borreiros	Viveiro	Lugo	19.3
11/01/2015	Vigo	Vigo	Pontevedra	18.7
09/01/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	18.6
24/01/2015	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	18.6
01/01/2015	Baltar	Baltar	Ourense	18.4
02/01/2015	Coruña-San Diego	A Coruña	A Coruña	18.2
04/01/2015	Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	18.1
27/01/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	18.1

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/01/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	16.9
04/01/2015	Xurés	Muiños	Ourense	16.8
03/01/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	16.4
09/01/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	16.1
03/01/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	15.8
03/01/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	15.4
03/01/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	14.5
09/01/2015	Xares	A Veiga	Ourense	14.5
09/01/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	14.5
04/01/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	14.1

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As últimas xornadas do mes foron as máis frías en moitas localidades, ademais dos días 7 e 19.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/01/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-7.4
19/01/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-7.3
19/01/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-6.9
07/01/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-6.7
28/01/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-4.7
19/01/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	-4.7
31/01/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	-4.1
16/01/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-4.0
19/01/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-4.0
19/01/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-3.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/01/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-7.8
07/01/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-7.7
01/01/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-7.1
08/01/2015	Riós	Riós	Ourense	-6.1
01/01/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	-5.9
01/01/2015	Morelle	Sarria	Lugo	-5.8
01/01/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	-5.8
07/01/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-5.4
01/01/2015	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-5.0
01/01/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-4.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2015 altitude inferior a 1000m.



4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 7.7 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para xaneiro.

A anomalía media para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.0°C, o que fai que o mes poida considerarse normal.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1971-2000.

5 PRECIPITACIÓN

A cantidade de chuvia acumulada estivo preto da agardada en termos xerais, así como a cantidade de días de chuvia. Pero compre destacar que as chuvias estiveron moi concentradas en dous episodios, nos días 15 e 30 do mes. Concretamente no día 30 as chuvias tiveron una característica un pouco diferente das normais en Galicia, posto que non estiveron asociadas a ventos do sudoeste, senón ventos do noroeste, polo que as maiores cantidades rexistráronse nas zonas elevadas que separan as provincias de Lugo e A Coruña e na zona leste de Ourense. As chuvias desa xornada fan que nesas áreas tivésemos máis chuvia da normal nun mes de xaneiro. Os valores mensuais máis altos chegaron aos 300 L/m², no concello de A Capela e os máis baixos corresponderon a zonas do concello de Carballeda de Valdeorras, con valores inferiores aos 60 L/m².

5.1. Precipitación acumulada mensual Xaneiro 2015




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2015.



5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

Os valores máis altos de porcentaxe de desviación da precipitación con respecto dos normais acadáronse nos concellos de Monfero e Xermade, na comarca de Quiroga e as localidades máis occidentais da comarca de Valdeorras, cunha porcentaxe de precipitación de case o dobre do valor normal para estas localidades. Os valores máis baixos pola contra acadáronse na Carballada de Valdeorras, A Mezquita e Vilardevós, con valores por debaixo dun 50% menos do normal. O valor medio da porcentaxe de precipitación para a Comunidade foi de 103% (3% máis por riba da media), polo que o mes considérase en conxunto normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de xaneiro de 2015.



5.3. Días de chuvia en xaneiro de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 13.4. Os valores máximos obtivéronse na comarca de Terra de Soneira, aínda que foron moitos os lugares que acadaron os 16 días, nesta zona o valor estivo cerca dos 19 días. Os valores máis baixos estiveron en practicamente toda a provincia de Ourense, principalmente na comarca da Mezquita.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de xaneiro de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xaneiro. As xornadas do 15 e do 30 de xaneiro foron as que rexistraron máis precipitación en Galicia.

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Coto Muíño	Zas	A Coruña	301
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	300
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	283
Cespón	Boiro	A Coruña	278
A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	269
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	267
Pereira	Forcarei	Pontevedra	267
Corno do Boi	Friol	Lugo	264
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	263
Labrada	Abadín	Lugo	259

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	119	30/01/2015 3:40
M Aloia	Tui	Pontevedra	110	29/01/2015 17:30
Agranxa	Ponteareas	Pontevedra	106	30/01/2015 2:20
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	101	30/01/2015 0:40
A.Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	99	29/01/2015 14:30
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	94	30/01/2015 1:00
SEixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	88	29/01/2015 16:50
APortela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	83	30/01/2015 0:30
Entrimo	Entrimo	Ourense	81	30/01/2015 3:00
Courel	Folgoso	Lugo	79	29/01/2015 23:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2015.

5.4. Evolución da precipitación en xaneiro de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 164 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi dun 5% por riba do normal, o que fai que o mes poida considerarse normal.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1971-2000.



6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de xaneiro. Na xornada do 15 foron moitas as localidades que superaron os 100 km/h..

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
30/01/2015	Xares	A Veiga	Ourense	141.4
15/01/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	131.4
28/01/2015	Camariñas	Camariñas	A Coruña	126.3
30/01/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	120.7
15/01/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	117.8
15/01/2015	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	116.6
15/01/2015	Fragavella	Abadín	Lugo	115.3
15/01/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	115.0
15/01/2015	Muralla	Lousame	A Coruña	114.1
15/01/2015	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	112.4
15/01/2015	Burela	Burela	Lugo	111.7
15/01/2015	Cariño	Cariño	A Coruña	111.6
15/01/2015	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	111.1
15/01/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	109.0
30/01/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	108.8
15/01/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	108.5
15/01/2015	Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	105.1
15/01/2015	Lira	Carnota	A Coruña	103.2
30/01/2015	Amiudal	Avión	Ourense	102.3
15/01/2015	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	100.0

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en xaneiro de 2015.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	103.2	N	17		
		Día 15				
		Día 15				
Pta. Candieira	Cedeira	117.8	SO	9		
		15				
Malpica	Malpica	91.4	O	5		
		Día15				
Marco da Curra	Monfero	96.8	SO	19		
		Día 14				
Río do Sol	Coristanco	100.0	S	8		
		Día 15				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Xaneiro de 2015 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	111.7	SO	16		
		Día 15				
		Día				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Xaneiro de 2015 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	87.4	SO	16		
		Día 31				
Rodicio	Maceda	76.3	SO	11		
		Día 18				
Gandarela	Celanova	69.2	NO	37		
		Día 15				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Xaneiro de 2015 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	88.8	S	21	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Fornelos-A3 # 01/2015</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Fornelos-A3 # 01/2015</p>
		Día 15				
Ons	Bueu	87.6	N	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Ons-A4 # 01/2015</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ons-A4 # 01/2015</p>
		Día 15				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Xaneiro de 2015 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Xaneiro de 2015.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 668 raios en Galicia. A provincia de Ourense foi a que máis raios rexistrou, e a que menos foi a de Pontevedra con tan só 3 raios. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en xaneiro de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en xaneiro 2015.



Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2015 Mes: 1

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada	
Lugo																											
A Pontenova	6.5	9.8	16.0	10	3.6	-0.3	26	146	31.8	18	-	87	96	73	31	88	451	-	-	--	-	-	--	-	21	1	
Abradelo	5.0	9.1	16.3	9	1.7	-1.9	26	170	45.9	30	-	80	92	64	39	113	542	-	-	--	-	-	--	-	14	6	
Alto de Cerredo	4.9	7.6	14.4	9	2.4	-1.3	16	159	39.1	30	--	82	93	70	-	-	-	10	80	15	914	16	7	16	7		
*Alto do Faro	4.8	8.0	14.9	9	1.8	-1.2	16	161	53.3	30	-	87	97	72	-	-	-	8	61	30	928	17	7	17	7		
*Alto do Poio	3.0	5.4	12.9	9	0.6	-4.0	16	242	98.4	30	-	74	87	60	-	-	-	9	77	30	-	-	--	-	15	14	
Ancares	3.1	5.8	14.1	4	0.4	-4.1	31	171	50.7	30	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	17	19		
*Borreiros	8.8	13.2	19.3	9	4.9	-0.3	1	204	41.2	30	177	85	97	65	27	76	420	5	57	15	1017	16	1	16	1		
Bóveda	4.8	10.2	15.2	12	0.9	-4.6	8	115	23.6	30	87	90	99	68	39	111	569	5	54	5	975	18	9	18	9		
Burela	8.2	10.5	17.2	9	6.2	2.4	31	139	18.8	30	82	83	96	65	32	91	532	15	112	15	975	16	0	16	0		
Campus Lugo	5.4	10.7	16.7	10	1.4	-3.8	1	150	30.6	30	123	87	96	68	37	105	522	4	54	15	978	26	9	26	9		
Castro R. de Lea	5.2	10.4	16.7	10	1.0	-5.0	1	116	21.8	30	-	97	100	83	36	103	500	-	-	--	976	19	9	19	9		
Conchada	4.7	9.0	15.5	10	1.6	-0.9	26	128	38.6	30	-	86	95	72	37	107	527	-	-	--	-	-	--	-	16	6	
Corno do Boi	5.5	8.5	15.2	9	3.1	-0.6	16	264	67.9	30	238	90	97	77	36	103	491	15	88	30	-	-	--	-	20	5	
Courel	4.7	8.9	15.8	9	1.6	-2.2	28	205	77.7	30	173	79	89	66	39	113	540	8	96	31	935	16	11	16	11		
*Fontaneira	4.6	8.2	16.4	9	1.8	-1.4	19	127	41.6	30	82	84	95	72	31	90	496	6	91	31	917	13	9	13	9		
Foz	9.0	12.8	17.9	9	5.8	1.2	1	156	24.4	18	-	83	95	65	36	102	509	-	-	--	-	-	--	-	21	0	
Fragavella	6.2	9.3	15.4	9	3.2	-0.6	26	181	33.2	15	153	88	98	75	35	99	496	17	115	15	954	23	2	23	2		
Guitiriz	5.6	8.7	14.1	9	3.1	-0.2	16	250	68.9	30	230	90	97	77	27	77	450	13	84	30	944	18	2	18	2		
*Labrada	5.6	8.5	14.8	9	2.9	-0.2	16	259	51.2	30	230	87	95	73	33	94	500	11	70	30	-	-	--	-	21	2	
*Lanzós	5.1	10.2	15.8	9	0.5	-5.9	1	205	40.9	30	--	92	99	74	-	-	-	4	44	18	969	18	13	18	13		
*Lourenzá	8.3	13.3	19.6	9	3.9	-2.8	1	158	34.8	18	-	85	97	65	-	-	-	6	66	15	-	-	--	-	21	4	
Marroxo	5.3	8.7	13.7	10	2.2	-0.3	8	84	18.2	30	55	86	96	73	37	106	514	8	60	15	951	19	3	19	3		
*Míllara	5.7	11.6	16.4	12	2.4	-1.9	1	96	28.0	15	-	91	100	69	-	-	-	2	48	15	-	-	--	-	15	3	
*Morelle	4.3	10.6	17.1	10	-0.5	-5.8	1	124	24.8	30	99	90	99	69	30	86	482	4	53	30	977	22	17	22	17		
O Cebreiro	2.2	5.8	14.5	9	-0.5	-4.0	19	146	42.8	30	74	81	93	67	39	112	538	17	109	5	875	16	20	16	20		
O Xipro	5.2	9.2	17.4	9	2.2	-1.9	26	159	27.3	30	127	84	95	69	38	109	533	10	80	15	933	16	6	16	6		
*Olveda	5.2	10.2	16.5	9	1.4	-1.6	17	146	38.5	30	119	91	99	73	38	110	553	6	56	31	-	-	--	-	18	8	
Pedro Murias	10.0	13.4	17.6	12	6.9	3.6	26	131	19.7	15	96	80	91	68	33	92	473	13	98	15	1020	15	0	15	0		
Penedo do Galo	7.0	9.3	15.5	9	5.1	1.3	16	138	24.6	15	-	82	92	66	26	73	421	-	-	--	-	-	--	-	17	0	
Pol	5.7	9.2	15.6	9	2.7	-0.2	16	157	28.9	30	-	87	97	72	40	115	556	-	-	--	949	16	4	16	4		
Portomarín	4.9	10.5	17.0	10	1.0	-3.1	2	126	30.6	30	-	91	99	70	22	62	396	-	-	--	973	27	10	27	10		
Sambreixo	5.4	10.5	16.8	9	0.9	-4.1	1	207	56.0	30	-	91	98	72	35	100	508	-	-	--	-	-	--	-	24	15	
*San Clodio	4.7	10.1	13.1	12	1.4	-3.3	4	156	46.4	30	-	91	99	70	-	-	-	2	40	31	996	22	9	22	9		
*San Fiz	5.7	10.6	14.8	12	2.3	-2.2	1	113	22.3	15	86	90	99	71	35	100	540	4	54	15	979	14	7	14	7		
Ventosa	4.3	8.2	15.5	9	1.2	-2.6	26	122	30.2	30	88	81	94	64	43	123	579	10	93	15	919	15	12	15	12		
*Vilamor	8.5	12.9	18.0	9	4.4	-1.9	1	172	28.6	18	139	79	91	61	31	89	451	5	53	18	-	-	--	-	18	4	
*Xabrega	5.3	10.5	16.0	12	2.0	-1.8	1	104	29.2	15	-	87	94	67	-	-	-	6	75	15	988	13	6	13	6		
*Xabrega	5.3	10.5	16.0	12	2.0	-1.8	1	104	29.2	15	-	87	94	67	-	-	-	6	75	15	988	13	6	13	6		

* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.



Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2015 Mes: 1

Provincia Estación	Tª °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Lluvia	Helada
Pontevedra																											
*A Armenteira	7.6	12.1	16.3	11	4.0	0.4	19	256	65.6	15	229	91	98	76	34	98	502	5	63	15	-	-	-	24	0		
A Granxa	6.7	13.4	18.6	24	2.3	-4.2	1	269	98.6	30	246	91	99	66	33	95	431	3	52	30	1022	-	27	7			
A Lanzada	9.1	13.1	16.3	11	5.3	1.0	1	170	45.8	15	137	89	98	72	45	131	583	13	77	5	-	-	26	0			
*Areas	7.7	13.2	17.5	24	3.5	-0.8	3	219	56.0	30	-	89	99	68	-	-	-	1	40	18	-	-	21	3			
*Areiro	8.9	13.2	17.2	11	5.4	1.1	1	202	53.2	15	--	86	95	69	-	-	-	4	64	15	1017	-	15	0			
*As Eiras	7.9	13.1	16.5	24	3.8	-0.1	1	236	58.6	30	196	90	99	68	38	109	578	4	53	30	1021	-	26	1			
Caldas de Reis	8.1	12.1	16.3	1	5.2	2.0	1	140	45.5	15	--	89	98	72	36	104	538	-	-	--	994	-	17	0			
*Camanzo	7.2	12.1	16.8	4	2.8	-2.5	1	149	47.2	15	122	90	99	73	36	103	516	6	81	29	1001	-	17	5			
Castro Vicaludo	8.2	11.2	16.9	9	5.8	2.5	31	125	33.3	15	87	83	95	67	44	127	623	17	94	15	969	-	15	0			
Castrove	8.0	11.2	15.6	11	5.6	1.5	16	211	53.0	15	178	87	97	71	42	121	565	11	87	18	974	-	16	0			
*Cequeleños	7.0	11.8	15.8	12	3.4	-0.8	1	162	59.2	30	131	90	100	66	40	116	601	9	61	15	-	-	20	3			
Corón	9.9	13.1	15.6	4	7.2	2.4	1	194	62.0	15	159	88	98	72	44	126	590	12	84	15	1024	-	17	0			
*Entenza	7.2	12.9	17.8	24	2.8	-1.0	1	200	57.8	30	171	91	100	68	38	109	547	3	51	15	-	-	27	5			
Fornelos de Montes	7.1	10.1	17.1	4	4.1	-0.1	16	283	90.6	30	247	80	93	65	44	128	559	15	89	15	943	-	16	1			
Illas Cíes	10.5	13.0	15.4	24	8.2	6.1	26	153	62.8	15	113	85	95	72	47	135	623	12	85	15	-	-	16	0			
*Louredo	6.9	10.5	14.8	24	3.7	0.0	1	191	47.3	30	-	91	97	78	-	-	-	4	48	28	997	-	15	0			
Lourizán	8.6	13.9	17.8	24	4.9	0.1	1	211	55.8	15	182	92	99	76	38	109	569	5	63	30	1019	-	22	0			
*Meder	7.5	12.9	17.1	24	3.4	-0.3	1	154	43.4	30	--	83	92	62	-	-	-	3	42	15	1009	-	15	1			
Monte Aloia	7.7	11.4	17.1	9	4.8	1.6	31	300	93.7	30	162	-	-	-	42	123	588	8	70	15	969	-	15	0			
Mouriscade	5.4	11.5	18.6	9	0.7	-3.5	26	189	50.8	15	158	90	96	78	44	125	582	7	60	31	967	-	24	14			
O Viso	8.2	13.1	18.0	11	4.8	2.1	1	187	44.5	15	151	86	96	68	48	139	619	10	89	31	994	-	16	0			
Ons	9.8	12.1	13.7	3	7.6	5.1	1	144	44.4	15	107	88	98	75	47	135	642	19	88	15	1012	-	22	0			
Pereira	5.7	9.5	17.3	4	2.7	-0.6	16	267	64.8	15	-	86	97	71	43	122	572	-	-	--	942	-	22	6			
*Ponte Caldelas	7.2	11.4	16.4	11	3.3	0.2	1	198	51.5	15	163	83	93	67	-	-	-	6	54	13	984	-	15	0			
Queimadelos	7.5	11.0	14.9	11	4.9	1.4	16	218	61.8	30	199	87	96	74	16	47	380	3	43	30	983	-	16	0			
Rebordelo	6.2	12.2	17.3	11	1.0	-3.0	1	262	75.2	30	-	90	99	68	43	124	576	-	-	--	983	-	15	13			
Sanxenxo	9.7	13.5	17.0	11	6.4	3.2	26	185	56.8	15	149	84	95	67	47	134	615	4	66	15	1023	-	21	0			
Serra do Faro	4.8	7.6	15.2	4	2.1	-2.2	19	152	45.5	30	116	80	91	68	39	112	518	22	90	15	910	-	17	10			
*Soutomaior	8.3	12.8	17.3	11	5.1	2.1	26	204	48.3	30	--	81	90	65	-	-	-	3	52	26	1006	-	16	0			
*Torrequeintáns	8.8	13.4	16.9	11	4.8	-0.3	1	126	42.7	15	90	80	89	63	40	116	546	5	64	15	1018	-	17	1			
*Tremoedo	8.9	13.5	17.4	11	5.1	0.5	1	137	48.1	15	--	83	93	66	-	-	-	4	100	30	1018	-	16	0			
Vigo	9.5	14.0	18.7	11	6.2	2.4	19	172	45.9	15	-	92	100	70	-	-	-	-	-	--	-	-	15	0			
Vigo-Campus	8.5	11.5	16.5	9	6.2	2.4	19	206	65.3	30	163	77	90	61	51	146	659	9	88	17	971	-	15	0			
Xesteiras	6.2	8.8	14.5	9	4.1	0.2	16	242	66.2	15	-	87	95	69	-	-	-	24	117	15	-	-	19	0			

* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.